



DATOS IDENTIFICATIVOS

Narrativa audiovisual

Materia	Narrativa audiovisual			
Código	P04G071V01207			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sínale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Ramahí García, Diana			
Profesorado	Ramahí García, Diana			
Correo-e	dianaramahi@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Estudo dos procesos, recursos e técnicas do discurso audiovisual no proceso de construción dos diferentes relatos audiovisuais. Análise en propostas audiovisuais concretas			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo			
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.			
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.			
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.			
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.			
C14	Coñecer e aplicar os recursos, métodos e procedementos empregados na construción e análise dos relatos audiovisuais			
D2	Comunicar por oral e por escrito na legua galega.			
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1 - Coñecer as principais achegas teóricas no ámbito da narrativa audiovisual.				C14
2 - Identificar os recursos, elementos, métodos e procedementos presente na construción da estrutura narrativa dunha produción audiovisual, tanto lineal como non lineal.	A1	B1		C14
3 - Analizar os relatos audiovisuais, a través do visionado e exposición de textos e produtos concretos		B3	C14	D2
4 - Adaptarse aos cambios tecnolóxicos que poidan influír nos relatos audiovisuais		B4		
5 - Respetar os textos orais, narrativos e audiovisuais nados noutras culturas e con outros valores sociais.		B1		D3
6. Comprender a importancia da conservación do patrimonio narrativo/audiovisual xerado a través da Humanidade.		B3		
		B5		
		B1		
		B3		

Contidos	
Tema	
Tema 1. O relato audiovisual	1.1. Historia 1.2. Relato 1.2. Discurso 1.3. Temporalidade 1.4. Espazo 1.5. Punto de vista 1.6. Narrador
Tema 2. O modo de representación primitivo	2.1. O cadro primitivo 2.2. O establecemento dunha certa liñalización 2.3. A construción dun espazo habitable 2.4. A constitución dun suxeito ubicuitario
Tema 3. O modo de representación institucional	3.1. O cine narrativo clásico 3.2. Escrituras nas marxes do modelo
Tema 4. Respostas á narratividade clásica	4.1. As vangardas históricas 4.2. O expresionismo alemán 4.3. A vangarda soviética
Tema 5. A incorporación do son	5.1. Transformacións derivadas da incorporación do son 5.2. Os códigos sonoros 5.3. O cine de xéneros 5.4. O realismo poético francés
Tema 6. A crise da narración clásica	6.1 As narracións europeas despois da Segunda Guerra Mundial 6.2 O manierismo postbélico en Hollywood 6.3 A aparición do telefilme e as transformacións narrativas
Tema 7. Escrituras postclásicas	7.1. (Anti)narracións da modernidade 7.2. A narración audiovisual na postmodernidade 7.3. O relato audiovisual na era dixital

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Estudo de casos	20	40	60
Traballo tutelado	6	15	21
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	5	7
Observación sistemática	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, directrices dun traballo ou exercicio a desenvolver. Sobre a base do coñecemento previo adquirido polo alumnado semanalmente e de forma autónoma desenvolveranse os contidos teóricos da materia.
Estudo de casos	Análise formal de obras narrativas audiovisuais, utilizando filmes ou secuencias dos mesmos que exemplifiquen as diversas modalidades e formas narrativas e a súa evolución histórica.
Traballo tutelado	Realización de análises audiovisuais seguindo as pautas definidas polo docente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado pode recibir asesoramento sobre o contido da materia ou o desenvolvemento das actividades en horario de clase e titorías.
Estudo de casos	O alumnado pode recibir asesoramento sobre o contido da materia ou o desenvolvemento das actividades en horario de clase e titorías.
Traballo tutelado	O alumnado pode recibir asesoramento sobre o contido da materia ou o desenvolvemento das actividades en horario de clase e titorías.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado pode recibir asesoramento sobre o contido da materia ou o desenvolvemento das actividades en horario de clase e titorías.
Observación sistemática	O alumnado pode recibir asesoramento sobre o contido da materia ou o desenvolvemento das actividades en horario de clase e titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Realización de análises audiovisuais seguindo as pautas definidas polo docente.	40	A1	B1 B3 B4 B5	C14	D2 D3
Resolución de problemas e/ou exercicios	As probas de exame, orais ou escritas, consistirán na análise dunha obra audiovisual ou fragmento da mesma a partir do exposto na clase e das lecturas recomendadas.	40	A1	B1 B3 B5	C14	D2 D3
Observación sistemática	Avaliación baseada na participación activa e presenza do alumnado na aula.	20	A1	B1 B3 B5	C14	D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA

Avaliación baseada na participación activa do alumno e na entrega dos traballos requiridos ao longo do curso. Avaliación global do proceso de aprendizaxe e adquisición de competencias e coñecementos a través de probas presenciais nas datas oficiais aprobadas polo centro. Será preciso obter polo menos un 50% da puntuación total de todas as partes avaliadas para superar a materia.

AVALIACIÓN GLOBAL

O alumnado deberá informar o docente da súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo establecido polo centro para tal fin, achegando cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin.

A proba de avaliación global realizarase na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial. O estudante deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación previstas que se detallan a continuación obtendo unha cualificación mínima do 50% en cada unha delas. Dada a extensión das probas o alumnado que se acolla a avaliación global deberá dispoñer de 4 horas para a realización das mesmas a partir da hora oficial de inicio do exame da materia segundo o calendario oficial.

Breve descrición das probas

Proba 1. Resolución de problemas ou exercicios. As probas de exame, orais ou escritas, consistirán na análise dunha obra audiovisual ou fragmento da mesma a partir do exposto na clase e das lecturas recomendadas. A proba ten un valor do 40% sobre o total da nota sendo preciso obter unha cualificación mínima do 50% da mesma para aprobar esta parte.

Proba 2. Traballo I. Realización de análises audiovisuais seguindo as pautas definidas polo docente. O conxunto dos traballos ten un valor do 40% sobre o total da cualificación. Debe obterse unha cualificación mínima do 50% en cada un dos traballos para superar esta parte. Os traballos serán entregados na data e horario do exame. O detalle dos contidos dos traballos, metodoloxías e criterios de avaliación serán facilitados aos estudantes de avaliación global unha vez finalizado o prazo de renuncia expresa á avaliación continua.

Proba 3. Traballo II. Selección motivada de secuencias dos contidos abordados na materia seguindo as pautas definidas polo docente. Ten un valor do 20% sobre o total da cualificación. Debe obterse unha cualificación mínima do 50% para superar esta parte. Será entregado na data e horario do exame. O detalle dos contidos, metodoloxías e criterios de avaliación serán facilitados aos estudantes de avaliación global unha vez finalizado o prazo de renuncia expresa á avaliación continua.

Resumo das probas e porcentaxe de valoración global do conxunto de tarefas:

Proba 1. Resolución de problemas ou exercicios. Proba de exame. Valoración do 40% sobre o total da nota.

Proba 2. Traballo I. Valoración do 40% sobre o total da nota.

Proba 3. Traballo II. Valoración do 20% sobre o total da nota. Os estudantes deberán obter unha cualificación mínima do 50% en todas as probas para superar a materia.

A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, rúbrica de avaliación e canles de entrega serán detalladas a través da plataforma Moovi. É responsabilidade do alumno ou alumna estar atento á información subida e recompilar a información específica e complementaria que sexa precisa para superar a materia.

SEGUNDA OPORTUNIDADE

O sistema de avaliación é o mesmo en todas as convocatorias.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BORDWELL, D; STAIGER, J. y THOMPSON, K., **El Cine clásico de Hollywood: estilo cinematográfico y modo de producción hasta 1960**, Paidós, 2006

BORDWELL, D., **La narración en el cine de ficción**, Paidós, 1996

BURCH, N., **El tragaluz del infinito**, Cátedra, 1987

CASETTI, F., DI CHIO, F., **Cómo analizar un film**, Paidós, 2003

CASTRO DE PAZ, J. L., **El surgimiento del telefilme. Los años cincuenta y la crisis de Hollywood: Alfred Hitchcock y la televisión.**, Paidós, 1999

COSTA, A., **Saber ver el cine**, Paidós, 2003

FONT, D., **Paisajes de la modernidad: cine europeo, 1960-1980**, Paidós, 2002

GAUDREULT A. y JOST, F., **El relato cinematográfico: cine y narratología**, Paidós, 1995

QUINTANA, A., **Después del cine : imagen y realidad en la era digital**, Acantilado, 2008

SÁNCHEZ BIOSCA, V., **Cine y vanguardias artísticas**, Paidós, 2004

Bibliografía Complementaria

ANDREW, J.D., **Las principales teorías cinematográficas**, Rialp, 1992

LEUTRAT, J.L. y LIANDRAT-GUIGES, S., **Como pensar el cine**, Cátedra, 2003

VV.AA., **Historia general del cine**, Cátedra, 1995-1998

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Cine de non ficción/P04G071V01301

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Comunicación: Teoría e técnica da imaxe/P04G071V01103